

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO MENOR DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA "EXPLOTACION DO BAR EXISTENTES NAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO COMPLEXO TURÍSTICO-DEPORTIVO DE O CORGO, NA TEMPARADA VERÁN 2018".

I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

CLÁUSULA PRIMEIRA. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

En cumprimento do establecido no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante Lei de Contratos do Sector Público), a celebración do presente contrato proxectado, xustifícase na necesidade de proporcionar aos vecinos da localidade o funcionamento do Bar das instalacións das Piscinas Municipais sito no Complexo Turístico-Deportivo de O Corgo, en Mugueimes (Muíños) durante a tempada de verán 2018.

CLÁUSULA SEGUNDA.- OBXECTO E TIPO DE CONTRATO

Constituirá o obxecto do contrato a explotación do servizo de bar existente nas instalacións das piscinas municipais do complexo turístico-deportivo de O Corgo no Concello de Muíños, durante a tempada de verán do ano 2018.

De conformidade co artigo 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, tratase dun contrato menor, poidéndose adjudicar directamente a empresario con capacidade de obra e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118, ao non exceder o seu importe de 15.000 euros nin a súa duración inicial dun ano. Neste tipo de contratos, conforme ao art. 118 da citada lei, a tramitación do expediente esixirá informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asimesmo requirírase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente. Non obstante, procédese á súa convocatoria pública, mediante adjudicación según os criterios que máis abaixo se expresarán e rexirase polo disposto no presente Prego, cuxa elaboración non é preceptiva pero considérase convinte a fin de concretar as condicións, dereitos e obrigacións.

Asimesmo o contrato definido ten a calificación de contrato administrativo de concesión de servizos públicos tal e como establecen os artigos 15 e 284 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA TERCEIRA.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN



3.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Muíños é a Xunta de Goberno Local, actuando por delegación do Alcalde (delegación da Alcaldía mediante resolución de data 19/06/2015, BOP N° 182 do 10.08.2015).

3.2.- O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modicalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos de ésta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que ao respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdicción competente.

CLÁUSULA CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN

4.1.- A contratación a realizar califícase como menor de concesión de servizos, conforme ao disposto nos artigos 15, 131 e 188 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexirase polo establecido neste Prego e para canto non esté previsto nel, ambas partes quedan sometidas expresamente ao disposto a:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local –LRBRL.
- ✓ Artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- ✓ Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións -RGLCAP.
- ✓ O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio polo que se derenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- ✓ Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades locais.
- ✓ -Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- ✓ Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

4.2.- O Orde Xurisdiccional Contencioso Administrativo será o competente para resolver as controversias que surdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 27.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4.3.- Todos os prazos sinalados neste Prego, salvo que expresamente se dita outra cousa, entenderanse referidos a días naturais. Non obstante, si os días sinalados para a apertura dos sobres foran sábados, domingos ou días inhábiles neste Concello de Muíños, a reunión da Mesa aplazarase ao primeiro día hábil seguinte, sin variación da hora.

4.4.- Dada a natureza do contrato e aos efectos de garantir a participación dos interesados e a transparencia da adxudicación realizarase convocatoria pública para a licitación do servizo.

CLÁUSULA QUINTA.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas nalgunha prohibición de contratar, nos casos en que así o esixa esta lei, se encontren clasificados. (Artigo 65 da LCSP).

CLÁUSULA SEXTA.- CRITERIOS A TER EN CONTA NA ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación do contrato de servizo será a mellor relación calidade-prezo, que resulte da aplicación dos seguintes criterios:

- A. Proposta económica (Máximo 10 puntos).- A oferta económica valorarase de forma proporcional, asignando a maior puntuación (10 puntos) á maior oferta económica, cero puntos á oferta que non a presente e ao resto de maneira proporcional. (Tendo en conta que se excluirán e non participarán no procedemento aquelas ofertas inferiores ao canon establecido polo Concello.
- B. Por ter coñecemento da realidade social, económica e cultural do Municipio. (Máximo 3 puntos).
- C. Melloras na limpeza e mantemento das instalacións (locais e zonas verdes) (Máximo 3 puntos).
- D. Outras melloras que se ofrezcan polos interesados, que supoñan unha mellora permanente no local onde se efectúa o servizo e que permenezcan no mesmo ao finalizar o contrato (Máximo 2 puntos).

CLÁUSULA SÉTIMA.- TIPO DE LICITACIÓN (CANON)

O tipo de licitación á alza que se fixa, en concepto de canon da concesión que deberá abonar o adxudicatario, para a presente contratación é de 120 €/mes.-

O adxudicatario do contrato deberá satisfacer ao Concello en concepto de canon polo servizo a cantidade mensual que se ofrezca na súa proposta No caso de meses nos que a piscina non esté aberta o mes completo, este canon se prorrateará según os días que esté aberta.

Este canon debe de satisfacerse, nos primeiros 5 días de cada mes vencido, na c/c que determine o Concello, oficina de ABANCA en Muíños.

CLÁUSULA OITAVA.- DURACION DO CONTRATO.

A data de inicio da concesión será a que se fixe no correspondente contrato e durará ata a finalización da campaña de verán 2018.



II.- ADXUDICACION DO CONTRATO

CLÁUSULA NOVENA.- MESA DE VALORACIÓN E APERTURA DE PROPOSTAS.

A apertura dos sobres e a aplicación de criterios levaranse a cabo polo órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), o día seguinte á finalización do prazo de presentación de proposicións, levantándose acta correspondente polo Secretario.

Será automaticamente rexeitadas e polo tanto sen opción algunha a participar no proceso de adxudicación, tódalas propostas nas que falte algún dos documentos esixidos.

A Xunta de Goberno Local adxudicará o contrato á oferta que alcance a maior puntuación.

A Mesa de Valoración estará composta polas seguintes persoas:

- PRESIDENTE: - D Plácido Alvarez Dobaño
- VOCAIS: - D Israel León Rodríguez (Concelleiro)
-D Santiago Mansilla Vazquez (Secretario do Concello)
-Dona M^a del Rosario Dacal Rodriguez (Arquitecta Municipal)
-Dona M^a Elena Domínguez Gomez (Funcionaria do Concello)
- SECRETARIA: Ana M^a Antunez Perez, funcionaria do Concello

CLÁUSULA DÉCIMA.- SUBCONTRATACIÓN

No presente contrato non cabe a subcontratación.

CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA.- CONDICIÓN ESPECÍFICAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.-

O Concello é o titular exclusivo e único do servizo.

O Concello entregalle ao adxudicatario o dereito do uso dos bens e instalacións afectos ao memo para a súa máis adecuada prestación, respondendo éste do seu bo uso, e levará a cabo as seguintes funcións e actividades:

11.1.- Manter en perfecto estado de limpeza e decoro tódalas instalacións que se lle entregan para que efectúe a xestión do servizo.

11.2.- As conservacións dos bens, instalacións e equipamentos afectos ao servizo, haberá de ser efectuada polo adxudicatario do mesmo e as levará a cabo de maneira perfecta.

Concello de Muíños

Plza. San Rosendo, 1, Mugeuimes. 32880 (Ourense). Tfno. 988 456 403. Fax: 988456480



11.3.- Tódolos gastos que xenere a explotación do servizo, tales como electricidade, e outros análogos, serán por conta do adxudicatario.

11.4.- Para a explotación do bar colocará en sitio visible a lista de prezos, sendo aqueles similares aos do resto dos bares do concello, quedando terminantemente prohibida a venda de tabaco para todo o público así como a venda de alcohol a menores de 16 anos.

11.5.- O horario da actividade será o mesmo ca o de apertura ao público da piscina, que se terá que concretar mediante acordo municipal, que se notificará oportunamente ao adxudicatario, podéndose autorizar a ampliación do horario do bar, aínda que esté pechada a piscina, se a Xunta de goberno o estima conveniente, o que quedará oportunamente recollido no contrato que se asine co adxudicatario do servizo.

11.6 Os días de prestación do servizo serán aqueles nos que a piscina esté aberta ao público durante a tempada 2018, que teñen que determinarse mediante acordo da Xunta de goberno local, e que se notificará oportunamente ao adxudicatario. O Concello poderá ampliar tamén os días de explotación do bar, aínda que non esté aberta a piscina, e se así se decide, terá que recollese oportunamente no contrato que se asine co adxudicatario.

11.7.- A programación, desenvolvemento e forma de prestar o servizo de bar corresponderalle ao adxudicatario do contrato nos termos que considere convenientes, baixo o control e inspección do Concello e respetando sempre a normativa que resultase de aplicación.

11.8. O adxudicatario terá que estar dado de alta na Seguridade Social, no réxime detraballadores autónomos, e así mesmo terá que cumprir todos os requisitos legais que fosen necesarios para a prestación do servizo.

11.9 O desenvolvemento do servizo poderá ser inspeccionado en calquera momento polo Concello, podendo éste dictar as medidas que estime pertinentes que serán de obrigado cumprimento e seguimento para o adxudicatario.

CLÁUSULA DÉCIMOSEGUNDA. PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS DO ADXUDICATARIO.

O adxudicatario ten dereito a percibir para sí as cantidades que obteña da venda de produtos que se expendan no bar da piscina, consistindo niso a súa retribución económica.

CLÁUSULA DECIMOTERCEIRA. RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS.

O adxudicatario xestionará o servizo, o seu risco e ventura, non tendo dereito a indemnización algunha polas averías, pérdas ou prexuízos que se lle poidan ocasionar durante ou con motivo da prestación do servizo a que se refire o contrato, salvo casos de forza maior.



CLÁUSULA DEMOCUARTA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS FISCAIS, SOCIAIS E LABORAIS.

O adxudicatario está na obriga, baixo a súa específica, exclusiva e persoal responsabilidade en tódalas órdes, de cumprir estrictamente na prestación do servizo, as disposicións legais vixentes en materia fiscal, laboral, Seguridade Social, seguridade e hixiene no traballo e de prevención de riscos laborais, acreditándolo documentalmente se procedese.

O Concello queda eximido completamente de cualquier infracción que se puidera cometer polo adxudicatario nestas materias, na explotación do servizo.

CLÁUSULA DECIMOQUINTA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

Os licitadores presentarán as súas proposicións no Rexistro do Concello, de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de 12 días naturais, a contar dende o día seguinte da publicación da no Perfil de contratante <https://www.depourense.es/web/contratación.htm>.

No caso de coincidir o último día de presentación en sábado, domingo ou festivo, o prazo finalizará o seguinte día hábil ao mesmo. Cando as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a data a remisión da oferta mediante Email a concello.muinos@eidolocal.es no mesmo día. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación. Transcorridos, non obstante, os tres días hábiles seguintes á indicada data sen haberse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Os sobres coas proposicións, debidamente pechados, cos seus contidos, deberán de estar presentados á terminación dos prazos fixados nesta cláusula, nas oficinas do Concello que dilixenciará a súa entrada con data e hora, se isto non figurase non terá validez a proposta e será desestimada.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, xa sexa individual ou en unión temporal con outros.

Os interesados poderán consultar e obter fotocopias do presente Prego, así como solicitar cantas aclaracións consideren pertinentes, dende a publicación da convocatoria da licitación ata o día en que finalice o prazo de presentación de proposicións, solicitándoo ao Concello, en días e horas de oficina.

As persoas interesadas deberán presentar no Rexistro do Concello, nas datas que se establezan, os seguintes documentos en sobres pechados, nos que deberán figurar os datos do interesado (nome, dirección e teléfono) e sobre cuxa solapa pechada deberá quedar estampada a sinatura do solicitante e no que se fará constar a lenda:

PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO CONTRATO MENOR DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA "EXPLOTACION DO BAR EXISTENTE NAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO COMPLEXO TURÍSTICO-DEPORTIVO DE O CORGO, NA TEMPADA VERÁN 2018".



Nese sobre se debe conter a seguinte documentación.

1.) Instancia para participar no procedemento aberto, mediante o seguinte modelo:

D./DÑA....., maior de idade, con D.N.I. num....., con domicilio a efectos de notificacións en....., enterado da convocatoria en procedemento aberto para a adxudicación do contrato da explotación do bar das piscinas públicas de Muíños, desexa presentar a súa proposta para poder ser o adxudicatario/a do devandito contrato, para elo se compromete satisfacer ao Concello de Muíños, como canon da explotación, a cantidade mensual de.....Euros.

Presenta ademáis os seguintes documentos, para ser tidos e conta nos criterios da valoración para proceder á adxudicación. (Especificar, de selo caso).

En Muíños, a de 2018

2.) Documento no que se ofertan outras melloras, de ser o caso.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato deberá cumprirse de conformidade co establecido no presente Prego e conforme aos criterios ou variantes propostas polo adxudicatario e aceptadas polo órgano de contratación.

O concesionario deberá asumir a responsabilidade patrimonial que se derive dos danos e prexuízos que o funcionamento do servizo poidera causar a persoas ou bens, e que sexa imputable ao mesmo ou ao persoal que del dependa.

Nas súas relación co adxudicatario o Concello considerará como persoa representante e domicilio deste á persoa física que subscriba a proposición, salvo que en documento fehaciente designe a outra persoa ou outro domicilio.

Tódolos gastos de explotación, persoal, etc., serán por conta do adxudicatario. O persoal que o contratista estime necesario contratar, estará baixo a súa única dependencia, sen relación laboral algunha co Concello, rexíndose os seus dereitos e obrigacións pola vixente lexislación laboral e de previsión, sendo as súas retribucións e as cargas sociais correspondentes, da exclusiva conta de dito concesionario que, a ditos efectos, ostentará a calidade de Empresa Laboral.

Se durante a vixencia do contrato, o adxudicatario incumpriera esta clase de obrigacións, poderá procederse pola Administración Municipal a resolución do contrato, na forma establecida pola lexislación vixente.

Todo o material e mobiliario que se entregue ao adxudicatario, será devolto polo mesmo ao finalizar o prazo do contrato, no mesmo estado que o recibíu, sendo á súa conta os gastos que se orixinen pola reparación de deterioros e desperfectos.

As instalación que se entreguen, mobiliario, enseres e demais efectos existentes nas mesmas, serán entregadas ao adxudicatario o mesmo día en que se formalice o contrato, facendo inventario de todo elo, no que se fará constar o seu estado de conservación, que asinará en proba de conformidade.

O adxudicatario porá en servizo tódolos obxectos e elementos que reciba do Concello, sen que lle sexa permitido instalar ou establecer outros distintos, como postos auxiliares, aparatos, mesas de pasatempo, etc, salvo que solicite e obteña previamente a autorización do Concello, o cal poderá concedela cando considere que con elo se beneficia a explotación da actividade e teñan ademáis as condicións de bens mobles para que poidan ser retirados sen dificultade cando finalice o contrato.

O contratista non poderá sacar ningún dos bens e obxectos que se lle entreguen por este Concello sen coñecemento e conformidade previa do propio Concello.

Sen permiso expreso do Concello non poderá o adxudicatario realizar ningunha clase de obras, reparacións ou arreglo de instalacións arrendadas, debendo dar conta previamente de calquera delas, para que a Xunta de Goberno Local estudie e resolva como corresponda a proposta ou petición.

O adxudicatario non poderá celebrar actividades no recinto municipal de que se trata sen a previa autorización do Concello.

O adxudicatario non poderá ceder nin traspasar os dereitos que nazcan deste contrato, sen a previa autorización deste Concello.

CLÁUSULA DECIMOSÉTIMA.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E A SÚA SANCIÓN.-

O adxudicatario do contrato durante ou con motivo da xestión do servizo, pode cometer infraccións que se clasifican en moi graves, graves e leves.

Son infraccións moi graves:

- A non prestación do servizo durante máis de dous días sen causa xustificada.
- A cesión, subarrendo ou traspaso da explotación do servizo sen autorización do Concello.
- A desobediencia reiterada por mais de dúas veces ás órdes ou escritos relativos á forma e réxime do servizo procedentes do Concello.
- A comisión de a lo menos dúas faltas graves debidamente acreditada, aínda que non foran sancionados.

Son infraccións graves:

- O retraso reiterado no comenzo e terminación do servizo.
- A inobservancia das prescricións normativas establecidas ou o incumprimento das órdes do Concello para evitar situacións molestas ou insalubres ós usuarios do servizo.



-O incumprimento reiterado en máis dunha ocasión dunha ou varias das regras a que alude a cláusula segunda.

-O trato incorrecto ós usuarios do servizo, denunciado, por escrito, a lo menos, dúas veces.

-A comisión de dúas ou máis faltas leves

Son infraccións leves:

-Todas aquelas non definidas como moi graves ou como graves que poidan afectar ó normal desenvolvemento do servizo sen causar neste prexuízos ostensibles.

-En calquera caso a comisión de infraccións por parte do adxudicatario debe ser acreditada de xeito fehaciente e que non ofrezca dúbidas e, previa a tramitación do oportuno expediente a tal fin, o que poderá dar lugar a que se lle impongan as seguintes sancións:

-As infraccións moi graves a multas entre 30,00 e 60,00 euros e, se se repiten, aínda que só sexa unha vez, darán lugar ó rescate do servizo por parte da Administración con resolución do contrato.

-As infraccións graves a multas entre 15,00 e 30,00 euros.

-As infraccións leves a multa en ningún caso inferior a 6,00 euros.

-O órgano competente para imponer as sancións en cada caso procedentes, será sempre a Xunta de goberno local deste Concello.

CLÁUSULA DECIMOITAVA.- CAUSAS DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO

-As establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

-O rescate do servizo pola administración.

-A supresión do servizo por razóns de interese público.

-A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola administración con posterioridade ao contrato.

CLÁUSULA DECIMONOVENA.- DEREITOS E OBRIGAS RECÍPROCAS DO ADXUDICATARIO E DO CONCELLO.

Establecense os seguintes:

Dereitos do adxudicatario:

-A empregar os bens e instalacións afectos ó servizo que resulten precisos para o cumprimento do obxecto da explotación á que está obrigado.

-A obter auxilio e protección da Administración para o normal desenvolvemento do servizo.

Obrigas do adxudicatario:

-Prestar o servizo obxecto do contrato nos termos establecidos nas cláusulas deste Prego, poñendo en funcionamento as instalacións e equipamento necesario para elo, e tendo que comezar a funcionar, como mínimo, o primeiro día de apertura ao público da piscina, sendo pola súa conta os gastos que orixine en xeral o funcionamento do servizo.

-En particular terá que pagarse o consumo de enerxía eléctrica que se leve a cabo dentro do local da explotación, para elo se procedeu polo Concello a instalar un contador. O titular do servizo terá que aboar ao Concello a cantidade de 0,22 Euros por cada KW de consumo, e así mesmo, a maiores, terá que pagar mensualmente, unha cuota fixa de 3 euros, pola potencia disponible no Bar.

-Aboar nos prazos establecidos o canon estipulado en favor do Concello.

-Dar conta ao Concello das incidencias que se produzan no servizo.

-Responder ante terceiros dos danos que poidan producirse como consecuencia do funcionamento do servizo obxecto do contrato, salvo que se trate de actos realizados en cumprimento de órdes impostas polo titular do servizo.

-Non enaxenar, nin gravar bens ou instalacións que deban revertir ao Concello.

Dereitos do Concello:

-A ordear as modificacións que por razóns de interese público considere convenientes no servizo.

-Inpeccionar e vixiar o debido cumprimento das obrigas derivadas do contrato e, en xeral, a fiscalizar a xestión do adxudicatario polos medios que se consideren oportunos, inspeccionando o servizo, instalación, e todo o relacionado ca explotación do bar.

Obrigas do Concello:

Prestar ao adxudicatario o auxilio e colaboración que ésta recabe para unha mellor prestación do servizo.

O Alcalde, Plácido Alvarez Dobaño

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Muíños

Plza. San Rosendo, 1, Mugeuimes. 32880 (Ourense). Tfno. 988 456 403. Fax: 988456480



DECLARACIÓN RESPONSABLE

Número de expediente: 106/2018

Denominación do contrato: "EXPLORACION DO BAR EXISTENTE NAS INSTALACIÓNS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO COMPLEXO TURÍSTICO DE O CORGO, EN MUIÑOS, NA TEMPADA VERÁN 2018"

Data da declaración:

DATOS DEL DECLARANTE

Nome:

Apelidos:

DNI:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que teño poder bastante de representación para a subscripción do presente documento.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 71 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da Entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de Regulación dos Conflitos de Intereses dos Membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Incompatibilidades dos Membros da Xunta de Galicia e Altos Cargos da Administración Autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que a empresa dispón da capacidade de obrar, de habilitación empresarial e da solvencia económica-financieira e técnica esixidas para participar nesta licitación.
- Que, en relación co establecido no artigo 139 Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b),

etc.

Subcontratación (Cláusula Décima do Prego)

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

Firma: _____.-

